



5ª Sesión / 28-11-2019

Curtametraxe: o proceso de produción dunha curta

CC SS e da Comunicación. Pontevedra.

Introduce: Prof.. Diana Ramahi

Plató de Cine 16.00-19,30 h.

RESTART (2015)/EINSTEIN-ROSEN (2016)/MOURAS (2018)



Foto: Carolina Kowarik

Olga Osorio

É realizadora, guionista, fotógrafa e docente audiovisual. As súas curtas de ficción foron seleccionadas nalgúns dos festivais máis prestixiosos do mundo como Sitges Film Festival (dúas veces en sección oficial), Fantasia, PIFFF, Les Utopiales in Nantes or BIFFF in Brussels (**reStart**, 2015), tamén Staff Pick en Vimeo ou Leeds, Seattle IFF, NY Children IFF, Leuven, Palm Springs, Heartland, River Run, Rhode Island, BIFAN ou Sapporo Short Film Festival. (**Einstein-Rosen**, 2016), Mestre Mateo á mellor curta de ficción e seleccionado como Short of the Week), Screampfest e Nocturna. (**Mouras**, 2018), seleccionada no Euro Connexion de Clermont-Ferrand) o Mecal (Tinder Time (2019) entre moitos outros, recibindo ao redor de 100 premios nacionais e internacionais e 500 seleccións. Tamén é a directora de videoclips coma *Buscando a*

Superfama (2015), Mestre Mateo 2016 na categoría de Mellor videoclip, ou *Garden's Road* (2014), Mestre Mateo 2015 e gañador de máis de 15 premios internacionais.

Na actualidade, Olga Osorio traballa no desenvolvemento da longametraxe baseada en *Einstein-Rosen*, con Vaca Films e recentemente foi seleccionada para participar na Residencia Intensiva de Guión de Xénero desenvolvida en Bilbao titorizada por Alberto Marini, para o desenvolvemento do seu novo guion de longa, *Eu, Bárbara*.

Doutora en Humanidades pola UDC (premio extraordinario) e licenciada en Xornalismo pola Complutense de Madrid, Olga Osorio é profesora de Montaxe na facultade de Ciencias da Comunicación da UDC e de Realización na Escola de Imaxe e Son da Coruña